

Base 38ª.- Retribucións dos membros da corporación con dedicación exclusiva

1.- Según acordo do Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de xuño de 2015, recoñécense dúas dedicacións exclusivas, cunhas retribucións anuais que se establecen nos seguintes importes;

a) Alcalde-Presidente, D. José Muíño Domínguez, cunhas retribucións anuais brutas de 40.000 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

b) Concelleiro delegado de Obras e servizos Carlos Allo Cundíns, cunhas retribucións anuais brutas de 31.500, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias).

c) As pagas extraordinarias devéganse dende o 1 de xaneiro ao 30 de xuño e dende o 1 de xullo ao 31 de decembro, procedéndose ao seu abono nos meses de xuño e decembro respectivamente.

2.- O Alcalde-Presidente e os concelleiros antes citados, non poderán percibir asistencias pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nin a cobrar os desprazamentos realizados dentro do termo municipal, pero si a percibir indemnizacións polo exercicio do seu cargo, cando sexan efectivas e previa xustificación documental mediante declaracións responsables describindo o motivo do desprazamento, detallando os gastos nos que incurre e aportando os xustificantes de gasto que correspondan. As contías a satisfacer por estes gastos serán as establecidas para o grupo I no RD 462/2002, de 24 de maio.

A dedicación exclusiva implica unha adicación similar a da xornada completa dos empregados públicos, ao igual que implica o dereito a vacacións.

O concello tamén asumirá os gastos que deriven do pago da prima dun seguro que dé cobertura ao risco de accidentes dos concelleiros da corporación no exercicio do seu cargo.

Base 39ª.- Indemnizacións por asistencia ós órganos colexiados municipais

1.- Os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán, pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forman parte, as seguintes cantidades:

ASISTENCIA A SESIONES ÓRGANOS COLEGIADOS	IMPORTE
Asistencia a Plenos	90 euros
Asistencias a Xuntas de Goberno Local	90 euros
Asistencia a Comisións Informativas	90 euros

2.- Para a percepción das asistencias teranse en conta as seguintes normas:

a) Se un mesmo día se celebrasen varias sesións dun mesmo órgano colexiado, só se percibirán asistencias por unha delas.

b) Para que poida apreciarse a concurrencia efectiva os concelleiros deberán presentarse no lugar de celebración da sesión na hora da súa convocatoria. Transcorridos como máximo vinte minutos desde a hora da convocatoria da sesión, os membros do órgano colexiado que non estean presentes non percibirán o importe da asistencia a dito órgano, na acta constará expresamente a hora de inicio da sesión e a hora de incorporación a dita sesión do concelleiro.

3.- Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fora do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante dieta polo importe establecido para

o grupo 1 según o establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio.

4.- A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servicios será a cantidade por quilómetro percorrido según se indica no Real Decreto citado no punto anterior.

5.- Tanto as dietas como os desprazamentos, detallaranse en conta xustificativa, á que se adxuntarán as facturas que correspondan, sendo todo elo aprobado por Resolución de Alcaldía, dentro das facultades que lle confiren estas Bases.